

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA IMPULSAR UNHA FRONTE COMÚN DE CARA Á INSTALACIÓN NA CIDADE DUNHA PLANTA DE METANOL VERDE

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para impulsar unha fronte común de cara a instalación na cidade dunha planta de metanol verde.

Exposición de motivos

Ferrol veu lastrado o seu desenvolvemento socioeconómico de forma paulatina pero constante dende os anos oitenta, froito de políticas erráticas en materia de industria, de pugnas xeopolíticas dos partidos a nivel estatal e por unha falta de decisión en aplicar o estímulo económico público necesario para diversificar o monocultivo industrial dependente do sector naval.

Os dentes de serra na construción naval son unha constante histórica que, malia a súa previsibilidade ao abeiro da triste e única dependencia nos últimos anos das demandas da Armada, non son aproveitados nos seus picos de alta taxa de empregabilidade e xeración de postos de traballo indirectos no sector industrial, e mesmo no sector servizos, para desenvolver políticas en paralelo que constrúan un polo industrial máis alá dos buques de guerra.

Os plans ZUR, ZID, Plan Ferrol, Reindus e outras iniciativas vencelladas a unha suposta reconversión non paliaron, se non máis ben acrecentaron, as cifras do paro, a perda de

poboación e unha lacerante e irrisoria taxa de actividade. Mentres o papel recollía propostas vacuas que non tiñan execución orzamentaria ou que servían para que piratas empresariais se adicasen á caza de subvencións, os servizos públicos desmantelábanse paulatinamente, o comercio de proximidade pechaba as cancelas e a centralidade de Ferrol como cabeceira de comarca desprazábase cara á capital da Provincia.

Nos últimos meses, en pleno debate estéril pola falta de concreción, entre faccións do mesmo partido sobre unha suposta ubicación dun polígono industrial na cidade, a empresa Maersk anunciou a implantación en Galicia dunha planta de Metanol. Esta posibilidade xerou un debate público na cidadanía, amosando un interese e ilusión moi por enriba do que as institucións están dispostas a ofrecer, conscientes non so da repercusión directa vencellada á creación de postos de traballo que a fábrica podería xerar, se non tamén como un revulsivo pola garantía dunha aposta por enerxías limpas, pola industria que vén nun futuro próximo e para tratar de paliar a infrautilización un porto exterior que non acaba de despegar.

Dende o anuncio no mes de novembro foron moitos os actores que entraron en xogo posicionándose de forma favorable á implantación de Maersk en Caneliñas: dende o presidente da Xunta ao principal líder da oposición, a autoridade portuaria, os empresarios e organizacións sindicais e un longo etcétera. Difícil posicionarse en contra. Pero unha vez máis, as guerras de guerrillas, as acusacións mutuas e a procura de responsabilidades noutra administración, lastran a forza dunha voz única, unha voz da cidade que reclame xustiza para Ferrol, polos agravios políticos dos últimos 30 anos, en materia de emprego pero tamén de infraestruturas, como o ferrocarril, ou de industria, como os mencionados plans públicos fracasados.

Esta circunstancia xa o pasado 10 de novembro foi posta de manifesto por Ferrol en Común en Xunta de Voceiros, para que dende a Corporación se traballase en aglutinar todas as forzas posibles de cara a unha proposta conxunta, seria e viable para ofrecer a Maersk, cunha oferta concreta de espazo, medios e facilidades, co fin de obter algo que soterradamente e con resignación parece adxudicado a outra cidade. Pasados máis de dous meses non houbo ningún tipo de reunión ou posta en común do que dende a cidade se pode facer.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1.- Instar ao Concello de Ferrol a impulsar unha fronte común que aglutine a representantes políticos das administracións locais, provinciais e autonómicas, autoridade portuaria, axentes sociais, do tecido sindical e empresarial e acadar a instalación dunha planta de metanol verde na nosa cidade, desenvolvendo os traballos necesarios para ofertar unha alternativa concreta, sólida e viable.

Ferrol, 23 de xaneiro de 2023

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común